

Este mércores 29 de maio, o alcalde en funcións, Antonio Lomba, xunto cos membros do seu equipo de goberno, Montserrat Magallanes e Miguel Español, mantiveron unha reunión con representantes do partido popular da Guarda encabezada polo seu candidato, Roberto Carrero.

Nesta reunión, que se produciu a instancias do PP, os representantes socialistas trasladáronlle a súa intención de acadar un acordo co BNG para a formación dun goberno de progreso para A Guarda.

Para elo, e a instancia de Antonio Lomba, xa están convocada a primeira reunión entre os representantes da Agrupación Socialista da Guarda, encabezada polo alcalde en funcións; e o BNG, encabezada polo seu candidato a alcaldía Anxo Luis Baz.

29 de maio de 2019

Agrupación Socialista da Guarda